

*A Ramón Piñeiro,
na cela do pensamento.*

As mans
definen no aire
o corpo exacto
das ideas
e o pensamento
ábrese
como un pan
que se entrega...

Nas horas
canta saudade
aboiando
na luz acesa.

Lonxe
os campos
de Láncara
na néboa.

Ao pé dos lentes
as cartas
dende sempre
sobre a mesa.

Na voz
que flúe maina
unha humilde
firmeza
e a patria
na ollada longa
do futuro
que comeza...

A tarde
baixa persianas de sombra
na galería
de tantas esperas...

SALVADOR GARCÍA-BODANO
Tempo de Compostela



Poucas persoas teñen exercido unha influencia tan fonda sobre o seu país con tan poucos medios. Sen bens de fortuna, xunto con media ducia de amigos creou algunhas das empresas culturais máis sólidas e efectivas de todas cantas se levaron a cabo na Galicia do século XX. Quen precisou da súa axuda contou sempre con el sen pedir nunca nada a cambio, movido só polo seu ideal galeguista, que foi o centro da súa vida.

CARLOS CASARES



Ramón Piñeiro

Unha vida por Galicia